PROGRAMACIÓN



DIDÁCTICA

DE GAITA

ÁNXELA VIDAL TRABADA

GRAO ELEMENTAL

OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL

O grao elemental das ensinanzas de música ha contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Apreciar a importancia da música como linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer as propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.

c) Coñecer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.

d) Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literatura do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.

e) Interpretar en público, coa necesaria seguridade en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.

f) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos, e adaptarse harmonicamente ao conxunto.

g) Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.

h) Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

i) Ser consciente da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

l)Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

1º Curso

OBXECTIVOS

Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e coordinación entre ambas mans.
Control do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo para a emisión dun son estábel.
Coñecemento das características da escritura para gaita.
Aplicación práctica dos coñecementos de linguaxe musical.
Práctica da lectura a primeira vista.
Desenvolvemento da percepción auditiva do alumno.
Desenvolvemento das habilidades motrices no instrumento.
Desenvolvemento da técnica instrumental elemental.
Desenvolvemento da creatividade en xeral.

CONTIDOS

Descrición, mantemento e coidados do instrumento.
Exercicios para adquirir unha posición relaxada das mans no punteiro.
Exercicios de iniciación e desenvolvemento da técnica do brazo esquerdo e do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo
Características da escrita para gaita.
Coñecemento das notas básicas no primeiro rexisto si4-dó6
Exercicios básicos para gaita: ámbito fá5-dó6 (con sib5); ámbito si4-dó6.
Adestramento progresivo e permanente da memoria.
Desenvolvemento da sensibilidade auditiva como premisa indispensábel para a obtención dunha boa calidade de son.

RECURSOS

- *Exercícios elementares*, Paulo Glez.
- *Méthode pour la musette*, J. J. Hotteterre
- *Recueil de vaudevilles, menuets, contredanses e autres airs*, N. Chédeville

REPERTORIO

- *Pièces* do *Méthode pour la musette*, J. J. Hotteterre
- Melodias do *Recueil...*, N. Chédeville

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1ª Avaliación


- *Exercícios elementares, Paulo Glez.*

2ª Avaliación

- *Exercícios elementares, Paulo Glez.*
- *Méthode pour la musette, J. J. Hotteterre*

3ª Avaliación

- *Exercícios elementares, Paulo Glez.*
- *Recueil de vaudevilles, menuets, contredanses e autres airs, N. Chédeville*



CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo.


Demostrar a correcta asimilación da técnica do brazo esquerdo garante da pretendida estabilidade e calidade do son.

Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.

Proba práctica.

Faltas de asistencia/ perda do dereito a avaliación continua


No caso de que o/a alumno/a acumule 6 ou máis faltas de asistencia ás clases desta materia perderá o dereito á avaliación continua e deberá presentarse a un exame final no que terá que demostrar o dominio dos contidos e obxectivos afixados nesta programación.



2º Curso

OBXECTIVOS

Adoptar unha posición corporal que permita a correcta colocación do instrumento e coordinación entre ambas mans.
Control do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo para a emisión dun son estábel.
Coñecemento das características da escritura para gaita.
Aplicación práctica dos coñecementos de linguaxe musical.
Práctica da lectura a primeira vista.
Desenvolvemento da percepción auditiva do alumno.
Desenvolvemento das habilidades motrices no instrumento.
Desenvolvemento da técnica instrumental elemental.
Desenvolvemento da creatividade en xeral.



CONTIDOS

Mantemento e coidados do instrumento.
Exercicios para adquirir unha posición relaxada das mans no punteiro.
Exercicios de iniciación e desenvolvemento da técnica do brazo esquerdo e do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo.
Rudimentos de articulación.
Exercicios en Do M. e Fa M.
Introdución ao segundo rexisto.
Exercicios básicos: ámbito si4-mi6.
Características da escritura para gaita.

RECURSOS

- *Exercícios elementares*, Paulo Glez.
- *Méthode pour la musette*, J. J. Hotteterre
- *Recueil de vaudevilles, menuets, contredanses e autres airs*, N. Chédeville
- *Traité de la musette*, Ch.-E. Borjon de Scellery
- "*Méthode raisonnée*", Toussaint Bordet

REPERTORIO

- *Pièces* do *Méthode pour la musette*, J. J. Hotteterre
- Melodias do *Recueil...*, N. Chédeville
- *Pièces* do *Traité de la musette*, B. Scellery, sen os *double*
- *Airs en duo*, do "*Méthode raisonnée*", Toussaint Bordet

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1ª Avaliación

- Exercícios elementares, Paulo Glez.
- Recueil de vaudevilles, menuets, contredanses e autres airs, N. Chédeville
- Méthode pour la musette, J. J. Hotteterre

2ª Avaliación

- Exercícios elementares, Paulo Glez.
- Traité de la musette, Ch.-E. Borjon de Scellery

3ª Avaliación

- Exercícios elementares, Paulo Glez.
- Méthode raisonnée, Toussaint Bordet

CRITERIOS DE AVALIACIÓN:

Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo.

Demostrar a correcta asimilación da técnica do brazo esquerdo e de estabilidade do son.

Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.

Proba práctica.

Faltas de asistencia/ perda do dereito a avaliación continua

No caso de que o/a alumno/a acumule 6 ou máis faltas de asistencia ás clases desta materia perderá o dereito á avaliación continua e deberá presentarse a un exame final no que terá que demostrar o dominio dos contidos e obxectivos afixados nesta programación.

3º Curso

OBXECTIVOS

Control da posición corporal, do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo, e da posición das mans para favorecer a execución técnica-musical

Aplicación práctica dos coñecementos de linguaxe musical.

Práctica da lectura a primeira vista.

Seguir fomentando a percepción auditiva do alumno.

Seguir desenvolvendo as habilidades motrices no instrumento.

Desenvolvemento da técnica instrumental.

Desenvolvemento da creatividade en xeral.

CONTIDOS

Exercicios de consolidación da técnica do brazo esquerdo e do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo para a emisión dun son estábel, centrado e flexíbel.

Mecanismos de articulación.

Introdución á interpretación con bordóns.

Segundo rexisto.

Obras e exercicios: ámbito si4-sol6.

Estudos técnicos de dificuldade adecuada ao nível.

Escalas e arpexos até dúas alteracións nunha oitava. Escala cromática dó5-sol6.

RECURSOS

- *22 estudos tonais fáceis para o segundo registo,* Paulo Glez.
- *Méthode pour la musette*, J. J. Hotteterre
- *Recueil de vaudevilles, menuets, contredanses e autres airs*, N. Chédeville
- *Traité de la musette*, Ch.-E. Borjon de Scellery
- *Méthode raisonnée*, Toussaint Bordet
- *Duos barrocos fáceis para gaita de fole*, Paulo Glez.

REPERTORIO

- *Pièces* do *Traité de la musette*, B. Scellery. No mínimo, tres desas melodias serán co seu *double*
- *Duos barrocos fáceis para gaita de fole*, Paulo Glez.
- Tres obras de *Les Fleurs*, op. 4, Ph. Delavigne
- Andamentos soltos de *Suites a deux muzettes…,* op. 11, J. B. de Boismortier

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1ª Avaliación

- Tres dos 22 estudos tonais fáceis para o segundo registo, Paulo Glez.
- Varias melodías do Méthode pour la musette, J. J. Hotteterre
- Dous Duos barrocos fáceis para gaita de fole, Paulo Glez.

2ª Avaliación

- Tres dos 22 estudos tonais fáceis para o segundo registo, Paulo Glez.
- Varias melodías do Traité de la musette, Ch.-E. Borjon de Scellery
- Unha obra de Les Fleurs, op. 4, Ph. Delavigne

3ª Avaliación

- Tres dos 22 estudos tonais fáceis para o segundo registo, Paulo Glez.
- Melodías do Méthode raisonnée, Toussaint Bordet
- Algún andamento solto de Suites a deux muzettes…, op. 11, J. B. de Boismortier

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo.

Demostrar a correcta asimilación da técnica do brazo esquerdo e de estabilidade do son.

Demostrar a correcta asimilación da función do dedo polgar da man esquerda nas mudanzas de rexisto.

Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.

Proba práctica.

Faltas de asistencia/ perda do dereito a avaliación continua

No caso de que o/a alumno/a acumule 6 ou máis faltas de asistencia ás clases desta materia perderá o dereito á avaliación continua e deberá presentarse a un exame final no que terá que demostrar o dominio dos contidos e obxectivos afixados nesta programación.



4º Curso

OBXECTIVOS

Control da posición corporal, do conxunto respiración-sopro-brazo esquerdo, e da posición das mans para favorecer a execución técnica-musical.

Adquirir competencias para tocar nos tres primeiros rexistos do instrumento dentro do nível apropiado.

Práctica da lectura a primeira vista.

Seguir fomentando o interese musical do alumno e a percepción auditiva do alumno.

Seguir desenvolvendo as habilidades motrices no instrumento.

Desenvolvemento da técnica instrumental.

Desenvolvemento da creatividade en xeral.

CONTIDOS

Terceiro rexisto.


Bordóns. Relación bordóns/punteiro.

Articulación e fraseo na execución con bordóns.

Exercicios no ámbito si4-do7.

Escalas e arpexos nunha oitava até tres alteracións. Escala cromática dó5-dó7

Pezas axeitadas ao nivel do alumno.



RECURSOS

- *22 estudos tonais fáceis para o segundo registo,* Paulo Glez.
- *Méthode pour la musette*, J. J. Hotteterre
- *Recueil de vaudevilles, menuets, contredanses e autres airs*, N. Chédeville
- *Méthode raisonnée*, Toussaint Bordet
- *Duos barrocos fáceis para gaita de fole*, Paulo Glez.

REPERTORIO

- Tres obras de *Les Fleurs*, op. 4, Ph. Delavigne
- Unha suite de *Suites a deux muzettes…,* op. 11, J. B. de Boismortier
- Unha suite de *Duo Galants*, op. V, Esprit-Philipe Chédeville
- *Duos barrocos fáceis para gaita de fole*, Paulo Glez.

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1ª Avaliación

- Tres dos 22 estudos tonais fáceis para o segundo registo, Paulo Glez.
- Varias melodías do Méthode pour la musette, J. J. Hotteterre.
- Varias melodías do Recueil de vaudevilles, menuets, contredanses e autres airs, N. Chédeville
- Dous Duos barrocos fáceis para gaita de fole, Paulo Glez.

2ª Avaliación

- Tres dos 22 estudos tonais fáceis para o segundo registo, Paulo Glez.
- Unha obra de Les Fleurs, op. 4, Ph. Delavigne.
- Unha suite de Suites a deux muzettes…, op. 11, J. B. de Boismortier.

3ª Avaliación

- Tres dos 22 estudos tonais fáceis para o segundo registo, Paulo Glez.
- Melodías do Méthode raisonnée, Toussaint Bordet.
- Unha suite de Duo Galants, op. V, Esprit-Philipe Chédeville.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Mostrar nos exercicios, estudos, e/ou obras capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Memorizar textos musicais concordantes co nivel educativo.

Demostrar a correcta asimilación da técnica do brazo esquerdo e de estabilidade do son.

Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.

Proba práctica.


Faltas de asistencia/ perda do dereito a avaliación continua

No caso de que o/a alumno/a acumule 6 ou máis faltas de asistencia ás clases desta materia perderá o dereito á avaliación continua e deberá presentarse a un exame final no que terá que demostrar o dominio dos contidos e obxectivos afixados nesta programación.

CRITERIOS MÍNIMOS DE AVALIACIÓN DE CADA CURSO DO GRAO ELEMENTAL

Os criterios mínimos de avaliación están expostos no apartado de Criterios de Cualificación correspondentes as cualificacións 5-6 e son os seguintes:

- Seguridade xeral na lectura (notas e ritmo)
- Traballo técnico adecuado
- Continuidade na interpretación da obra
- Evidencia dunha coidadosa preparación




ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN

Tendo en conta a asimilación na propia lexislación da avaliación continua como criterio de recuperación, entendéndose por isto a superación progresiva de contidos previos non superados ao longo de todo o ano, as actividades de recuperación citadas neste apartado aludirán ao suposto de o/ alumno/a ter chegado ao fin do curso académico coa materia non aprobada. Esencialmente estas actividades aparecerán reflectidas no informe de recuperación. Este informe consiste nun documento redactado polo profesorado da materia onde se recollen obxectivos non acadados e criterios de avaliación coas actividades a realizar polo/a discente para a superación da disciplina na convocatoria extraordinaria.

REFORZOS PARA A RECUPERACIÓN

O profesorado poderá planificar no horario de titorías as actividades de reforzo pertinentes para que o/a alumno/a poida, de xeito satisfactorio, superar os problemas acontecidos durante o curso académico.

.



GRAO PROFESIONAL

OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL

As ensinanzas profesionais de música teñen como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as capacidades xerais e os valores cívicos propios do sistema educativo e, ademais, as capacidades seguintes:

a) Habituarse a escoitar música e establecer un concepto estético que permita fundamentar e desenvolver os propios criterios interpretativos.

b) Desenvolver a sensibilidade artística e o criterio estético como fonte de formación e enriquecemento persoal.

c) Analizar e valorar a calidade da música.

d) Coñecer os valores da música e optar polos aspectos xurdidos dela máis axeitados para o desenvolvemento persoal.

e) Participar en actividades de animación musical e cultural que permitan vivir a experiencia de transmitir o gozo da música.

f) Coñecer e empregar con precisión o vocabulario específico relativo aos conceptos científicos da música.

g) Coñecer e valorar o patrimonio musical como parte integrante do patrimonio histórico e cultural.

h) Tomar conciencia da importancia dunha escoita activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

i) Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e a do galego en particular, como medio indispensábel no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO GRAO PROFESIONAL

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuír a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

a) Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

b) Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.

c) Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

d) Formar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsábel do conxunto.

e) Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fóra dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

f) Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

g) Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

h) Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas esixencias das obras.

i) Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

j) Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

k) Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e das épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

l) Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

OBXECTIVOS

As ensinanzas de gaita dos estudos profesionais de música terán como obxectivo contribuír a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento, así como alcanzar e demostrar a sensibilidade auditiva necesaria para perfeccionar gradualmente a calidade sonora.

b) Demostrar unha autonomía progresivamente maior na utilización dos coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.

c) Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, no repertorio propio.

d) Practicar música de conxunto, nas formacións propias do instrumento.

e) Ser consciente da importancia do traballo de investigación etnomusicolóxica como fonte de inspiración e coñecemento, así como o deber de preservar o patrimonio da música tradicional.

f) Adquirir a suficiente destreza no mantemento do instrumento e a elaboración dos elementos básicos para a produción do son.

g) Ser capaz de ornamentar de acordo con criterios estilísticos, así como fomentar a capacidade de creación e improvisación de elementos estilísticos propios.

h) Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

i) Desenvolver a capacidade de lectura a primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

CONTIDOS

-Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical

-Estudo do repertorio para gaita nos seus distintos momentos históricos

-Práctica de transcrición e adaptación á gaita de repertorio proveniente doutras cornamusas.

-Estudo fonográfico e bibliográfico sobre a música tradicional e a expansión da cornamusa no mundo.

-Adestramento permanente e progresivo da memoria.

-Práctica da lectura á vista.

-Práctica de conxunto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

1) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás esixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensábeis esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.

2) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.

3) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.

4) Demostrar capacidade para abordar individualmente o estudo das obras de repertorio. Con este criterio preténdese avaliar a autonomía do alumnado e a súa competencia para emprender o estudo individualizado e a resolución dos problemas que se lle susciten no estudo.

5) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvoltura para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.

6) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

7) Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.

8) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

9) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica.

10) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando capacidade comunicativa e calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

1º Curso

OBXECTIVOS

Interpretar obras e estudos abranguendo os tres primeiros rexistos do instrumento.

Coñecer as características do empalletado e empallonado.

Práctica da lectura a primeira vista.

Práctica da lectura para gaita contralto en sol.

Coñecemento da gaita contralto en sol (terminoloxía moderna) como instrumento historicamente hexemónico no período barroco (denominado instrumento en fá na terminoloxía da época).

Adquirir rotinas de estudo uteis e proficuas.

CONTIDOS

Perfeccionamento dos mecanismos de articulación.

Bordóns. Relación bordóns/punteiro.

Articulación e fraseo na execución con bordóns.

Jeu de l'entremain e *plein jeu.*

Interpretación con criterios estéticos e estilísticos.

Escalas en toda a extensión até tres alteracións.

RECURSOS

- *Estudos para gaita de fole a partir de Solfeggi de Frederico II*, Paulo Glez/Frederico II
- *22 estudos tonais fáceis para gaita de fole*, Paulo Glez
- *Intervall studies, Winterfeld*
- *Les Fleurs*, op IV Philibert Delavigne

REPERTORIO

- *Duo Galants*, op. V, Esprit-Philipe Chédeville
- *Recueil de nöels,* E. Ph. Chédeville (com os *doubles*)
- *Suite a deux muzettes,* op. 11, J. B. de Boismortier
- *Suite a deux muzettes,* op. 17, J. B. de Boismortier
- *Pieces pour musette*, op. V, M. Corrette

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1ª avaliación

- *Estudos para gaita de fole a partir de Solfeggi de Frederico II, Paulo Glez/Frederico II*
- *Varios estudos dos 22 estudos tonais fáceis para gaita de fole, Paulo Glez*
- *Les Fleurs, op IV Philibert Delavigne*
- *Pieces pour musette, op. V, M. Corrette*

2ª Avaliación

- *Estudos para gaita de fole a partir de Solfeggi de Frederico II, Paulo Glez/Frederico II*
- *Intervall studies, Winterfeld*
- *Recueil de nöels, E. Ph. Chédeville (cos doubles)*
- *Suite a deux muzettes, op. 11, J. B. de Boismortier*

3ª Avaliación

- *Estudos para gaita de fole a partir de Solfeggi de Frederico II, Paulo Glez/Frederico II*
- *Intervall studies, Winterfeld*
- *Duo Galants, op. V, Esprit-Philipe Chédeville*
- *Suite a deux muzettes, op. 17, J. B. de Boismortier*

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Mostrar capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Demostrar sensibilidade auditiva a respeito da afinación.

Mostrar un progresivo control e uso das posibilidades sonoras do instrumento.


Demostrar o dominio dos estudos e obras sempre relacionando aspectos técnicos e musicais.

Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.

Proba práctica.

Faltas de asistencia/ perda do dereito a avaliación contínua

No caso de que o/a alumno/a acumule 6 ou máis faltas de asistencia ás clases desta materia perderá o dereito á avaliación continua e deberá presentarse a un exame final no que terá que demostrar o dominio dos contidos e obxectivos afixados nesta programación.



2º Curso

OBXECTIVOS

Interpretar obras e estudos abranguendo os tres primeiros rexistros do instrumento.

Coñecer as características do empalletado e empallonado.

Práctica da lectura a primeira vista.

Práctica da lectura para gaita contralto en sol.

Coñecemento da gaita contralto en sol (terminoloxía moderna) como instrumento historicamente hexemónico no período barroco (denominado instrumento en fá na terminoloxía da época).

Adquirir rutinas de estudo utis e proficuas.

CONTIDOS

Perfeccionamento dos mecanismos de articulación.

Bordóns. Relación bordóns/punteiro.

Articulación e fraseo na execución con bordóns.

Consolidación do *jeu de l'entremain* e do *plein jeu.*

Interpretación con criterios estéticos e estilísticos.

Escalas en toda a extensión até catro alteracións.

RECURSOS

- *Estudos para gaita de fole a partir de Solfeggi de Frederico II*, Paulo Glez/Frederico II
- *22 estudos tonais fáceis para gaita de fole*, Paulo Glez
- *Intervall studies, Winterfeld*
- *Les Fleurs*, op IV Philibert Delavigne

REPERTORIO

- *Duo Galants*, op. V, Esprit-Philipe Chédeville
- *Nöels,* de E. Ph. Chédeville (com os *doubles*)
- *Suite a deux muzettes,* op. 11, J. B. de Boismortier
- *Suite a deux muzettes,* op. 17, J. B. de Boismortier
- *Pieces pour musette*, op. V, M. Corrette

TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS

1ª avaliación

- *Estudos para gaita de fole a partir de Solfeggi de Frederico II, Paulo Glez/Frederico II*
- *Varios estudos dos 22 estudos tonais fáceis para gaita de fole, Paulo Glez*
- *Les Fleurs, op IV Philibert Delavigne*
- *Pieces pour musette, op. V, M. Corrette*

2ª Avaliación

- *Estudos para gaita de fole a partir de Solfeggi de Frederico II, Paulo Glez/Frederico II*
- *Intervall studies, Winterfeld*
- *Recueil de nöels, E. Ph. Chédeville (cos doubles)*
- *Suite a deux muzettes, op. 11, J. B. de Boismortier*

3ª Avaliación

- *Estudos para gaita de fole a partir de Solfeggi de Frederico II, Paulo Glez/Frederico II*
- *Intervall studies, Winterfeld*
- *Duo Galants, op. V, Esprit-Philipe Chédeville*
- *Suite a deux muzettes, op. 17, J. B. de Boismortier*

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Mostrar capacidade de aprendizaxe progresiva individual.

Demostrar sensibilidade auditiva ao respeito da afinación.

Mostrar un progresivo control e uso das posibilidades sonoras do instrumento.


Demostrar o dominio dos estudos e obras sempre relacionando aspectos técnicos e musicais.

Avaliación continua de actitudes, procedementos e conceptos asimilados polo alumno.

Proba práctica.

Faltas de asistencia/ perda do dereito a avaliación continua

